



A DESINFORMACIÓN, O INIMIGO DENTRO DA NOSA CASA

José G.
Santalla
FUNDACIÓN
GALICIA EUROPA

A DESINFORMACIÓN
SUPÓN UNHA FALLA
DE HONESTIDADE
E ÉTICA, BEN
SEXA MOTIVADA
POR INTERESES
ECONÓMICOS OU
DE CALQUERA
OUTRO TIPO

Na “era da información”, como a chamou Manuel Castells, a desinformación é unha das maiores preocupacións que afronta a Unión Europea. O Brexit ou a pandemia son dous exemplos do perigo que poden supoñer estas prácticas, chegando a arriscar o pleno e libre exercicio da democracia. É por iso polo que Europa xa está a tomar medidas no xeito comunitario; amodo, estudando o impacto, pero acadando unha decisión firme e forte.

Ao falaren de desinformación o termo máis coñecido é o de *fake news*, ou novas falsas, pero esta práctica é só a punta do iceberg. Debaxo existe un corpo sutil de informacións descontextualizadas, titulares enganosos (o chamado *clickbait*) ou unha elección das fontes excesivamente arbitraria. O xornalismo sempre debe ser honesto, non obxectivo; **ese ideal é imposible cando todo ser humano está condicionado pola súa forma de ver o mundo.** Escoller a cor dunha camisa responde a unha serie de limitacións, facer contido informativo tamén. Non obstante, a desinformación si supón unha falla de honestidade e ética, ben sexa motivada por intereses económicos ou de calquera outro tipo (o aparello mediático ruso é un moi bo exemplo, empregando eficientemente tanto canles oficiais como non oficiais).

Segundo datos da Unión Europea, un 83% da poboación comunitaria pensa que a desinformación é unha ameaza para a democracia. Ademais, un 51% dos enquisados cren ter consumidos estes contidos en liña. A metade recoñéceo, pero outro dato preocupante que non temos sería o da cidadanía que caeu na trampa e non é consciente. Por iso, as institucións europeas xa están a loitar contra a desinformación mediante dous instrumentos: a Lei de Servizos Dixitais e o Código de boas prácticas en materia de desinformación.

O primeiro, a **Lei de Servizos Dixitais**, non se fixo especificamente para esta **problema**, pero actúa mediante as súas normas sobre a moderación de contidos, procesos algorítmicos, publicidade e mitigación de riscos. Este regulamento será de aplicación dende maio deste ano. Ao seren un regulamento, non unha directiva, a súa aplicación é directa e obrigatoria en tódolos Estados membros.

O segundo instrumento é o **Código de boas prácticas contra a desinformación**. Inicialmente publicado no ano 2018 e fortalecido neste 2022, os seus signatarios (grandes empresas tecnolóxicas, empresas de publicidade en internet ou organizacións da sociedade civil) comprométese a cumprir 44 accións. Así, cóbrense ámbitos como a desmonetización da desinformación, o aumento da transparencia, a ampliación e reforzo de ferramentas de axuda para os usuarios, un maior control e investigación dos datos e para rematar, a creación dun Centro de Transparencia.

Galicia, xunto ao resto das rexións, puido expresar a súa visión fronte a esta inqueda no Comité Europeo das Rexións. A Comisión Cívex, na que participa a nosa Comunidade, abordou en varias ocasións tanto a desinformación como os discursos de odio, a máis recente o pasado mes de outubro.

Unha vez máis, a UE responde ante novos problemas con novas solucións. Estas propostas son unha vía innovadora, precisa e protectora dos dereitos da cidadanía. O desenlace, porén, é unha mostra máis de que o camiño a seguir é, ante máis problemas, máis Europa.